

ESTATUTOS
EIRADO

Artigo 1.- Denominación e réxime legal:

Coa denominación de “Eirado, Sociedade Cooperativa Galega” constitúese unha sociedade Cooperativa de persoas consumidoras e usuarias como parte dun proxecto sociocultural enmarcado nos principios dunha economía social, ecolóxica e solidaria.

A sociedade, dotada de plena personalidade xurídica, está suxeita ás disposicións da Lei 5/1998, de 18 de Decembro, de Cooperativas de Galiza.

Artigo 2.- Domicilio Social:

1.- O domicilio social da cooperativa está situado na Avenida de Lugo, nº 203, 2º C, C.P. 15703, Santiago de Compostela (A Coruña).

2.- O domicilio social poderá ser trasladado dentro do mesmo termo municipal por acordo do Consello Reitor, que comunicará o acordo, á maior brevidade ás socias e aos socios. O citado acordo formalizarase de conformidade co establecido no número 5 do artigo 74 da Lei de Cooperativas de Galiza.

3.- Para mudar o domicilio social fóra do termo municipal no que antes estaba, seguiranse as normas establecidas na Lei de Cooperativas de Galiza e nestes Estatutos para a modificación de estatutos.

Artigo 3.- Ámbito territorial:

O ámbito territorial é o correspondente a Galiza.

Artigo 4.- Obxecto Social:

1.- As actividades económicas que, para o cumprimento dos seus fins, realizará a cooperativa son:

a. Procura de bens e servizos para o consumo das súas socias e dos seus socios e das persoas coas que se conviva, e segundo a lei de cooperativas de Galiza, a terceiras persoas non socias, producindo os bens e servizos que proporcionen ou adquiríndoos de terceiras. Para a adquisición destes ben atenderase aos seguintes criterios:

- Proximidade entre o lugar de produción e o de consumo, priorizando os produtos de maior calidade e obtidos con técnicas ecolóxicas.

- As condicións de traballo e o respecto polos dereitos das persoas traballadoras, das persoas físicas ou xurídicas que actúen como provedoras.

b. A captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de comunicación e información á sociedade relacionados coa promoción do desenvolvemento sostible, do cooperativismo, do consumo responsable e do comercio xusto.

c. Desenvolvemento de proxectos culturais, e de formación ou educativos, con especial incidencia á cultura e linguas galegas.

d. A defensa e promoción dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias e promoción das condicións que fomenten a igualdade entre a muller e o home.

2.- A subministración de bens e servizos da cooperativa ás socias e socios terá consideración de operacións internas, resultando a mesma cooperativa así como as persoas socias, para todos os efectos, como consumidoras directas.

Artigo 5.- Fins da cooperativa:

1.- Na realización das actividades que constitúen o seu obxecto social consonte ao artigo anterior, a Cooperativa procurará que os produtos que subministra cumpran cunhas normas rigorosas de respecto ao medio ambiente e aos ecosistemas para seren cualificados como produtos ecolóxicos. Especialmente os alimentos e os produtos para a saúde axustaranse aos criterios da agricultura ecolóxica.

Asemade, a Cooperativa fomentará entre as persoas socias e non socias, novos hábitos de consumo baseados nunha actitude responsable e sensible aos problemas ecolóxicos da actual civilización.

Fomentarase a dignidade das condicións de traballo, no seo da cooperativa e nas persoas físicas ou xurídicas coas que esta estableza relacións, e que atendan a criterios de igualdade entre as persoas traballadoras e á non discriminación.

2.- A cooperativa prestará especial atención á difusión, entre as persoas socias dos produtos producidos e comercializados en Galiza, no entorno máis próximo, asemade dos producidos e comercializados polas entidades de comercio xusto e solidario.

3.- Coa finalidade de cumprimentar os fins reseñados nestes Estatutos, a Cooperativa establecerá acordos ou convenios de cooperación ou participación con outras sociedades.

Artigo 6.- Operacións con terceiras persoas:

A Sociedade poderá realizar actividades cooperativizadas con terceiras persoas non socias, dentro do ámbito estatutario, ata o límite do 50% das operacións mantidas coas socias e socios.

Artigo 7.- Duración:

A Sociedade constitúese por tempo ilimitado.

CAPÍTULO II

DAS PERSOAS SOCIAS

Artigo 8.- Persoas que poden ser socias:

1.- Poden ser socias consumidoras da cooperativa as persoas físicas e xurídicas e as entidades ou organizacións de consumidores e consumidoras que teñan o carácter de destinatarias finais.

2. Poden ser socias colaboradoras as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que sen poderen realizar plenamente o obxecto social cooperativo, poidan colaborar na súa consecución.

Tamén poderán ser socias colaboradoras aquelas cooperativas coas que se subscribe un acordo de colaboración intercooperativo, nas mesmas condicións establecidas para esta clase de socias no presente artigo.

As persoas socias colaboradoras rexeranse polo establecido na Lei de Cooperativas e polas normas descritas no artigo 11 dos presentes estatutos.

3. Poden ser socias excedentes, as persoas físicas ou xurídicas, públicas e privadas. As socias en excedencia pasarán á situación prevista no artigo 28 da Lei de Cooperativas de Galiza e ao estipulado no artigo 12 dos presentes estatutos.

4. Poden ser socias de traballo desta cooperativa as persoas naturais con capacidade legal e física para desenvolver a actividade cooperativizada de prestación do seu traballo.

5. A capacidade legal para ser socia ou socio rexerase pola lexislación civil e laboral.

Artigo 9.- Adquisición da condición de persoa socia:

1.- Para obter a condición de socia, no momento da constitución da cooperativa, será preciso:

- a) Estar incluída na relación de promotoras, que se expresa na escritura de constitución da Sociedade.
- b) Subscribir e desembolsar, respectivamente, as cantidades a que se refire o artigo 48 destes Estatutos.
- c) Subscribir o compromiso de socia de non darse de baixa voluntariamente, sen xusta causa que cualifique a mesma de xustificada, ata o fin do exercicio económico no que queira causar baixa

2.- Para obter a condición de socia, con posterioridade á constitución da cooperativa, será preciso:

- a) Ser admitida como persoa socia.
- b) Subscribir e desembolsar as cantidades que se teñan acordado na Asemblea Xeral, consonte o establecido no artigo 49 destes Estatutos.
- c) Suscribir o compromiso de socia de non darse de baixa voluntariamente, sen xusta causa que cualifique a mesma de xustificada, ata o fin do exercicio económico no queira causar baixa.

Artigo 10.- Procedemento de admisión:

1.- A persoa interesada formulará a solicitude de admisión por escrito dirixido ao Consello Reitor, que deberá resolver motivadamente no prazo non superior a dous meses, a contar a partir do seguinte á recepción do escrito da solicitude, comunicando a resolución a quen o solicite (no momento de asociarse á cooperativa, cada persoa decidirá cómo prefire recibir estas comunicacións), e publicando o devandito acordo no taboleiro de anuncios da cooperativa.

Transcorrido o devandito prazo sen resolución expresa do Consello Reitor, a solicitude entenderase denegada.

2.- Contra da denegación de admisión, que así o solicite poderá recorrer no prazo dun mes, a contar dende a súa notificación ou da terminación do prazo que o Consello Reitor ten para resolver, ante a Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral resolverá o recurso, na primeira que se realice, por votación secreta, previa audiencia da persoa interesada.

Artigo 11.- Das persoas socias colaboradoras

1.- A persoa colaboradora non está obrigada a desembolsar a cota mensual e asemade, non ten dereito ao desconto sobre o prezo dos produtos que distribúe a cooperativa, que en Asemblea se lle poida outorgar ás restantes persoas socias.

2.- O conxunto destas persoas socias, agás que sexan cooperativistas, non poderán superar un terzo das persoas compoñentes do Consello Reitor, sen que en ningún caso poidan desempeñar os cargos de Presidencia e Vicepresidencia do mesmo.

En todo caso, o número máximo de persoas socias colaboradoras non excederá dun terzo das socias da cooperativa.

3.- As persoas socias colaboradoras non poderán desenvolver actividades cooperativizadas en competencia coas que desenvolva a sociedade cooperativa da que sexan colaboradoras.

4.- Os requisitos para adquirir a condición de persoa socia colaboradora será ser admitida como tal, subscribir e desembolsar as cantidades ao capital social que se teñan acordado na Asemblea Xeral ou nestes Estatutos, e subscribir o compromiso de persoa socia de non causar baixa voluntaria, sen xusta causa que cualifique a mesma de xustificada, ata un ano despois de ter rematado o pago da achega obrigatoria ao capital social.

5.- O conxunto das achegas ao capital social das persoas socias colaboradoras non poderá exceder dun terzo das achegas ao capital social da totalidade das socias e socios. O desembolso da achega farase de acordo co previsto na Lei de Cooperativas de Galiza para as achegas voluntarias. As achegas ao capital social das persoas socias colaboradoras deberanse contabilizar de xeito independente ás do resto das socias e socios.

6.- A persoa socia colaboradora terá dereito de voto individual e daquela, gozará dos mesmos dereitos que todas as socias e socios, en canto á súa participación nos órganos sociais. A suma do número de votos das persoas socias colaboradoras na Asemblea non poderá representar máis dun terzo da total dos votos presentes e representados na mesma.

Para a baixa voluntaria da persoa socia colaboradora terase en conta o establecido no artigo 17 destes Estatutos.

7.- A persoa socia colaboradora cesará obrigatoriamente cando perda algún dos requisitos que estes Estatutos esixan para adquirir tal condición. Esta baixa será acordada polo Consello Reitor, por petición de calquera persoa socia ou da interesada, en todo caso, logo da audiencia dela.

A baixa obrigatoria terá a condición de xustificada ou non xustificada. Será non xustificada cando a perda dos requisitos para adquirir a condición de socia ou socio responda a un deliberado propósito da persoa de eludir obrigas ante a cooperativa ou se beneficiar de xeito indebido coa súa baixa obrigatoria.

8.- As persoas socias colaboradoras que acheguen exclusivamente capital percibirán o xuro pactado, que non poderá ser inferior ao recibido polas socias e socios, nin exceder en máis de seis puntos do xuro legal do diñeiro, sen que en ningún caso teñan dereito a percibir o retorno cooperativo.

Tampouco realizarán operacións cooperativizadas coa cooperativa.

9.- O non previsto nestes Estatutos para estas persoas socias, será acordado pola Asemblea Xeral.

Artigo 12.- Das persoas socias excedentes:

1.- Toda persoa socia poderá solicitar do Consello Reitor a concesión dunha excedencia.

2.- O tempo de excedencia terá unha duración ilimitada

3.- As socias e socios excedentes terán os mesmos dereitos e obrigas que as restantes persoas cooperativistas, recollidos na Lei de Cooperativas e os acordados nas Asembleas Xerais, agás o pago da cota mensual e o dereito ao desconto sobre o prezo dos produtos que distribúe a cooperativa, que en Asemblea se lle poida outorgar ás restantes socias e socios.

4.- Poderán ser causa de excedencia:

(1) O traslado de vivenda a un lugar o suficientemente afastado que lle imposibilite á persoa socia achegarse a cooperativa a adquirir produtos.

(2) O feito de atoparse inmersa nunha situación económica precaria que lle imposibilite a compra de produtos na cooperativa e o pago da cota mensual.

(3) Outros feitos demostrables e que con causa xustificada, imposibiliten ou dificulten a compra de produtos na tenda e o pago da cota mensual.

5.- As solicitudes de excedencia serán presentadas por escrito ante o Consello Reitor con dous meses de antelación á data de comezo do cómputo do período de aproveitamento da excedencia, expondo con claridade na solicitude o período de excedencia que se solicita e as causas polas que se solicita. O Consello Reitor decidirá se concedelas ou denégalas en base as posibles causas de excedencia previstas neste artigo e deberá responder por escrito dita resolución á persoa interesada no prazo dun mes.

6.- A persoa socia excedente deberá manterse ao corrente das súas obrigas económicas e sociais para a cooperativa.

7.- O reingreso deberá ser solicitado, por escrito, ao Consello Reitor, se dita persoa pretende reincorporarse antes de finalizado o prazo de excedencia.

Artigo 13 Das persoas socias de traballo:

1.- A admisión, polo Consello Reitor, dun novo socio ou socia de traballo será en situación de proba.

2.- O período de proba será de seis meses.

O período de proba poderá suprimirse ou reducirse por mutuo acordo entre o Consello Reitor e a nova persoa socia.

3.- A persoa socia, durante o período no que se atope en situación de proba, ten os mesmos dereitos e obrigas que as demais socias, coas seguintes excepcións:

- a) Poden resolver a relación de forma unilateral. A mesma facultade se recoñece ao Consello Reitor.
- b) Non pode realizar achegas ao capital social nin satisfacer ningún tipo de cotas.
- c) Non responde das perdas sociais.
- d) Non percibe o retorno cooperativo, se ben participará nos resultados positivos, quedando equiparados ás persoas traballadoras asalariadas.
- e) Non poden ser persoas electoras nin elixibles para ocupar cargos nos órganos sociais.

5.- Transcorrido o prazo da situación a proba sen denuncia previa por ningunha das partes, a persoa socia, logo do desembolso da achega obrigatoria e, se é o caso, da cota de ingreso, adquirirá a condición de socia ou socio indefinida con todos os dereitos e obrigas inherentes a ela.

6. O período de proba non procederá se a nova persoa socia levase na cooperativa, como traballadora por conta allea, como mínimo, o tempo que corresponda ao dito período. Se procedese o período de proba e se resolvese a relación por decisión unilateral de calquera das partes, entenderase renovada a relación xurídico-laboral nas condicións existentes ao inicio de aquel.

7. O total das persoas socias de traballo a proba que exista en cada momento na cooperativa non poderá superar máis dun quinto do total das persoas socias de traballo da mesma.

8.- A perda da condición de persoa socia de traballo dará lugar ao cesamento definitivo da prestación de traballo na cooperativa.

Artigo 14.- Obrigas das persoas socias:

As persoas socias están obrigadas a:

- a) Asistir ás reunións da Asemblea Xeral e dos demais órganos para as que fosen convocadas.
- b) Cumprir os deberes legais e estatutarios así como os acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa.
- c) Non realizar actividades competitivas coas propias desenvolvidas pola cooperativa, agás autorización expresa do órgano de administración.
- d) Gardar segredo sobre aqueles asuntos e datos da cooperativa dos que a divulgación poida prexudicar os intereses dela.
- e) Desembolsar as súas achegas ao capital social nas condicións previstas.
- f) Participar nas actividades de formación.
- g) Aceptar os cargos para os que fosen elixidas ou elixidos, agás xusta causa.
- h) Contribuír a un propicio clima social e a unha respectuosa convivencia nas relacións, tanto cos cargos directivos, como coas demais persoas socias.

- i) No caso da persoa socia usuaria, ademais das obrigas anteriores deberá consumir na cooperativa produtos ou servizos por un importe mínimo anual de cincuenta euros.
- j) No caso da persoa socia de traballo, ademais das obrigas anteriormente relacionadas deberá participar na actividade da cooperativa mediante o seu traballo persoal durante as horas e días que fixe a Asemblea Xeral, agás liberación temporal da dita obriga por parte do Consello Reitor por causa xustificada e logo de solicitude motivada da persoa socia afectada.

Artigo 15.- Dereitos das persoas socias:

1.- As persoas socias teñen, ademais dos dereitos que lles outorguen as normas legais e estatutarias ou os acordos validamente adoptados polos órganos sociais, os seguintes:

- a) A ser electora e elixible para os cargos dos órganos sociais da cooperativa.
- b) A formular propostas e participar con voz e voto na adopción dos acordos nas reunións dos órganos sociais dos que forme parte.
- c) A participar na actividade da cooperativa para o cumprimento do seu fin social, sen ningunha discriminación e con carácter preferente a participar nas accións emprendidas con cargo ao Fondo de Formación e Promoción.
- d) A recibir a información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas, tal como sinala o artigo 23 da Lei de Cooperativas de Galiza e estes Estatutos.
- e) A percibir o retorno cooperativo.
- f) Á actualización e devolución das achegas ao capital social.
- g) Contribuír á creación de vencellos con outras sociedades cooperativas, dentro do respecto aos principios cooperativos.
- h) No caso da persoa socia de traballo ademais terá dereito a percibir periodicamente, en prazo non superior a un mes, un anticipo laboral en contía similar ás retribucións da zona e sector de actividade, segundo a súa categoría profesional. En ningún caso este anticipo poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual, tendo en conta a xornada laboral realizada dentro da legalidade vixente.

2.- Os dereitos exerceranse de conformidade coas normas legais e estatutarias e cos acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa.

Artigo 16- Dereito de información:

1.- Toda persoa socia poderá exercer o dereito de información nos termos previstos no artigo 23 da Lei de Cooperativas de Galiza, nestes Estatutos ou nos acordos da Asemblea Xeral.

2.- Como contido mínimo do dereito de información, toda persoa socia ten dereito a:

- a) Recibir unha copia dos Estatutos e, no seu caso, do Regulamento de Réxime Interno, así como das modificacións dos mesmos, sendo responsabilidade do Consello Reitor facilitar a devandita documentación.
- b) Ter libre acceso ao exame do libro-rexistro de socias e socios, ao libro de actas da Asemblea Xeral e ao libro de achegas ao capital social no domicilio social da cooperativa, e, se o solicita, a que o Consello Reitor lle expida certificación dos acordos da Asemblea Xeral e das anotacións realizadas no libro-rexistro de socias e socios.
- c) Recibir, se o solicita, do Consello Reitor copia certificada dos acordos de dito órgano que lle afecten persoalmente e, en todo caso, a que se lle amose e clarexe no domicilio social da cooperativa, no prazo non superior a un mes, o estado da súa

situación económica coa cooperativa.

- d) Ter á súa disposición durante todo o prazo da convocatoria, para a súa consulta no domicilio social da cooperativa, as contas anuais, a proposta de distribución de resultados, o informe, no seu caso, de auditoría externa e o informe das persoas interventoras cando a Asemblea Xeral, conforme á orde do día, teña que deliberar e adoptar acordos sobre das contas do exercicio económico. Durante dito prazo, calquera persoa socia poderá solicitar por escrito do Consello Reitor, con alomenos cinco días de antelación á realización da Asemblea Xeral, calquera aclaración referida á documentación mencionada neste apartado, para ser contestada no acto da Asemblea Xeral.

Cando na orde do día se inclúa calquera outro asunto de natureza económica, será de aplicación o establecido no parágrafo anterior, se ben referido á documentación básica que reflecta a cuestión económica a debater pola Asemblea e sen que sexa preciso o informe das persoas interventoras.

- e) Solicitar por escrito do Consello Reitor calquera aclaración e informe sobre a marcha da cooperativa, que lle será proporcionado na primeira Asemblea Xeral da cooperativa que teña lugar pasados quince días dende a presentación do escrito.
- f) Recibir do Consello Reitor por escrito, no prazo non superior a un mes, a información que estime necesaria, cando o 10% das persoas socias da cooperativa ou 100 socias e socios lla soliciten tamén por escrito.

3.- O Consello Reitor poderá denegar, nos supostos previstos nas letras d), e) e f) do número anterior, a información solicitada cando proporcionala poña en grave perigo os lexítimos intereses da cooperativa, agás que a información solicitada teña que proporcionarse no acto da Asemblea Xeral, e esta apoiase dita solicitude por máis da metade dos votos presentes e representados, e, nos demais supostos, cando así o acorde a Asemblea Xeral como consecuencia do recurso interposto polas persoas socias solicitantes da información.

En todo caso, a negativa do Consello Reitor a facilitar a información solicitada polos socias e socios poderá ser impugnada polas mesmas de conformidade coa canle procedemental establecida no artigo 40 da Lei de Cooperativas de Galiza, as cales ademais, a respecto dos supostos establecidos nos apartados a), b), e c) deste artigo, poderán acudir ao procedemento previsto no artigo 2.166 da Lei de Axuizamento Civil.

Artigo 17.- Baixas voluntaria e obrigatoria:

1.- A persoa socia pode darse de baixa voluntariamente na Cooperativa en calquera momento, mediante preaviso por escrito ao Consello Reitor que deberá enviarse con dous meses de antelación.

O incumprimento do prazo de preaviso dará lugar á correspondente indemnización de danos e prexuízos.

A baixa, a efectos do cómputo do prazo sinalado no artigo 53 destes Estatutos para o reembolso á persoa socia das súas achegas ao capital social, entenderase producido ao remate do prazo de preaviso.

Se a baixa entrañase o incumprimento do prazo de permanencia establecido nos presentes estatutos, sen xusta causa que cualifique a mesma de xustificada, a cooperativa poderá exixir á socia ou ao socio participar nos termos nos que viña obrigada estatutariamente, ata o remate do período comprometido nas actividades ou servizos cooperativizados ou, no seu defecto, a esixirlle a correspondente indemnización de danos e prexuízos.

2.- O Consello Reitor, recibida a solicitude de baixa procederá a súa cualificación como xustificada ou non xustificada, e establecerá as consecuencias e efectos da mesma.

3.- Se a persoa socia estivese desconforme co acordo do Consello Reitor sobre a cualificación e efectos da súa baixa voluntaria,

poderá impugnar dito acordo de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei de Cooperativas de Galiza.

4.- Cesarán obrigatoriamente como socias ou socios as que perdan calquera requisito que estes estatutos esixan para adquirir a condición de persoa socia. Asemade perderán a condición de persoas socias de traballo, as que perdan a capacidade legal ou física para realizar a actividade cooperativizada de prestación do seu traballo.

5.- Non será de aplicación o establecido no número 4 anterior nos supostos a que se refiren os artigos 20 e 12 destes Estatutos, sobre a suspensión e excedencias.

6.- A baixa obrigatoria será acordada polo Consello Reitor, de oficio, por petición de calquera persoa socia ou da interesada, en todo caso logo da audiencia da mesma.

A baixa obrigatoria terá a condición de xustificada ou non xustificada. Será non xustificada cando a perda dos requisitos para adquirir a condición de persoa socia responda a un deliberado propósito da mesma de eludir obrigas ante a cooperativa ou beneficiarse indebidamente coa súa baixa obrigatoria.

7.- Á baixa obrigatoria, seranlle de aplicación as normas contidas no número 3 do artigo 53 e concordantes destes Estatutos.

Artigo 18.- Normas de disciplina social:

1.- As persoas socias só poderán ser sancionadas polas faltas previamente tipificadas, a través da incoación do oportuno expediente sancionador, e con audiencia da interesada en todas as instancias resolutorias.

2.- As faltas graves e moi graves son as tipificadas nestes Estatutos; as leves, ademais de nos Estatutos, tamén poderán ser tipificadas no Regulamento de Réxime Interno ou por acordo da Asemblea Xeral.

3.- Soamente poderán impoñerse ás persoas socias as sancións que para cada clase de faltas, estean establecidas nos Estatutos, e que poderán ser económicas, de suspensión de dereitos sociais ou expulsión.

Artigo 19.- Faltas:

1.-As faltas societarias e laborais son tipificadas como moi graves, graves e leves:

a) FALTAS SOCIETARIAS

Son faltas moi graves:

a)As operacións de competencia, ou fraude nas aportacións ao capital social, así como a manifesta desconsideración ás persoas reitoras e representantes da Entidade que prexudiquen os intereses materiais ou prestixio social da cooperativa.

b)A falsificación de documentos, sinaturas, estampas selos, marcas, claves ou datos análogos, relevantes para a relación da Cooperativa coas persoas socias ou con terceiras.

c)Violar segredos da Cooperativa que prexudiquen gravemente os intereses da mesma.

d) A usurpación de funcións do Consello Reitor, de calquera das persoas que o compoñen, ou das Interventoras.

- e) O incumprimento das súas obrigas económicas coa Cooperativa.
- f) Prevalerse da condición de socia ou socio para realizar condutas contrarias ás leis.
- g) Os malos tratos de obra a outras persoas socias, ou empregadas con ocasión de reunións dos órganos sociais ou da realización de traballos, actividades ou operacións precisas para a realización do obxecto social.
- h) A realización de actividades que impliquen competencia desleal á cooperativa.
- i) A repetición de tres faltas graves cometidas nun período dun trimestre, se fosen sancionadas como tales.

Son faltas graves:

- a) A falta de asistencia non xustificada ás Asembleas Xerais debidamente convocadas, cando a persoa socia fose sancionada dúas veces por falta leve por non asistir as reunións do devandito órgano social nos últimos cinco anos.
- b) Os malos tratos de palabra a outras persoas socias, ou ás empregadas con ocasión de reunións dos órganos sociais ou da realización de traballos, actividades ou operacións precisas para a realización do obxecto social.
- c) A comisión dunha falta leve cando a socia ou socio xa fora sancionado por tres faltas leves non comprendidas no apartado a), nun período dun trimestre.

Son faltas leves:

- a) A falta de asistencia non xustificada as sesións da Asemblea Xeral ás que a persoa socia fose convocada regulamentariamente.
- b) A falta de notificación á secretaría da Cooperativa do cambio do enderezo da persoa socia, dentro dos dous meses dende que se produce este feito.
- c) Non observar por dúas veces, como máximo dentro dun semestre, as instrucións ditadas polos órganos competentes para a boa orde e desenvolvemento das operacións e actividades da cooperativa.
- d) As faltas que se tipifiquen no regulamento de réxime interno, ou por acordo da Asemblea Xeral.

b) FALTAS LABORAIS (PARA AS PERSOAS SOCIAS DE TRABALLO)

Son faltas moi graves:

- a) A non participación na actividade cooperativizada mediante o seu traballo persoal nos termos establecidos no apartado j do artigo 14 destes Estatutos.
- b) O fraude, a deslealdade e o abuso da confianza nas xestións encomendadas, así como calquera conduta constitutiva de delito.
- c) A manifesta insubordinación individual ou colectiva.
- d) O falseamento voluntario de datos e información do servizo.
- e) A falta de asistencia ao traballo non xustificada durante máis de dous días ao mes.
- f) As faltas reiteradas de puntualidade non xustificadas, durante dez ou máis días ao mes, ou durante máis de vinte días ao trimestre.
- g) A ocultación de datos relevantes respecto aos útiles, ou ferramenta, ou ao proceso produtivo en conxunto.
- h) A asistencia ao traballo en condicións inadecuadas para a súa correcta realización (embriaguez, drogadicción ou análogos.).
- i) As faltas graves de respecto e /ou malos tratos, de palabra ou de obra, a calquera persoa do/s centro/s de traballo da cooperativa dentro da xornada de traballo ou fóra dela.
- j) A utilización ou difusión indebida de datos ou asuntos dos que teña coñecemento por mor do seu traballo na cooperativa.
- k) A apropiación, furto ou roubo de bens propiedade da cooperativa, de compañeiros e compañeiras ou doutras persoas dentro das

dependencias da cooperativa.

l) A repetición de tres faltas graves cometidas nun período dun trimestre, se fosen sancionadas como tales.

Son faltas graves:

a) A falta de disciplina no traballo ou de respecto debido ás persoas reitoras.

b) O incumprimento das ordes e instrucións dos órganos administradores e das obrigas concretas do posto de traballo ou as negligencias das que se derivan ou poidan derivarse prexuízos graves para o servizo.

c) A desconsideración, de palabra ou obra, coas persoas usuarias dos servizos da cooperativa, no exercicio do traballo.

d) O incumprimento das normas ou medidas de seguridade e hixiene no traballo establecidas, cando do mesmo poidan derivarse riscos para a saúde e a integridade física da persoa socia, doutras socias, do persoal asalariado ou do público en xeral.

e) A falta de asistencia ao traballo sen causa xustificada, un ou dous días no mes.

f) As faltas de puntualidade repetidas sen causa xustificada, durante máis de cinco días ao mes e menos de dez.

g) O abandono do traballo sen causa xustificada.

h) A simulación de enfermidade ou accidente.

i) A simulación ou encubrimento de faltas doutras persoas socias con respecto aos deberes de puntualidade, asistencia e permanencia no traballo.

j) A diminución continuada e voluntaria no rendemento normal do traballo.

k) Os malos tratos de palabra a outras persoas socias, ou ao persoal laboral empregado con ocasión de reunións dos órganos sociais ou da realización de traballos, actividades ou operacións precisas para a realización do obxecto social.

l) A realización sen o oportuno permiso, de traballos particulares durante a xornada de traballo. Asemade, o emprego de útiles, ferramentas, vehículos e bens en xeral da cooperativa para os que non estivera autorizada ou para usos alleos aos do traballo encomendado, incluso fóra da xornada laboral.

m) O falseamento e/ou a omisión maliciosa de datos que tiveran incidencia na Seguridade Social ou ante a autoridade fiscal.

n) O maltrato e/ou negligencia na manipulación do material existente na cooperativa.

o) A imprudencia no acto de traballo, se implica risco de accidente ou perigo de avaría para as instalacións e mercancías.

p) A comisión dunha falta leve cando a persoa socia xa fora sancionada por tres faltas leves non comprendidas no apartado a), nun período dun trimestre.

Son faltas leves:

a) A lixeira incorrección co público, coas outras persoas socias ou coas asalariadas da cooperativa.

b) A demora, negligencia ou descoido no cumprimento das súas tarefas no posto de traballo.

c) A non comunicación coa debida antelación da falta ao traballo por causa xustificada, a non ser que demostre a imposibilidade de facelo.

d) As faltas repetidas de puntualidade sen causa xustificada de tres a cinco días no mes.

e) Non observar por dúas veces, como máximo dentro dun semestre, as instrucións ditadas polos órganos competentes para a boa orde e desenvolvemento das operacións e actividades da cooperativa.

f) Discutir de xeito violento dentro da xornada de traballo, se a consecuencia diso se perturba o normal desenvolvemento do traballo.

g) As faltas que se tipifiquen no regulamento de réxime interno, ou por acordo da Asemblea Xeral.

Artigo 20.- Sancións e prescricións:

1.- As sancións que se poderán impoñer ás persoas socias pola comisión de faltas, serán:

a) Polas faltas moi graves, multa de 150,01 a 1500,00 euros, suspensión á persoa socia nos seus dereitos- coas limitacións e nos supostos que se sinalan no parágrafo seguinte-, ou expulsión.

A sanción de suspender á persoa socia nos seus dereitos, soamente pode ser aplicada cando a falta cometida consista en que a persoa socia estea ao descuberto das súas obrigas económicas coa cooperativa ou, se é persoa socia de traballo, non participe co seu traballo persoal na actividade cooperativizada nos termos previstos no artigo 14 l) destes Estatutos. A suspensión de dereitos non poderá alcanzar o dereito de información, nin o de asistencia á Asemblea Xeral con voz, nin ao de percibi-lo retorno ou os xuros polas súas achegas ao capital social, nin á actualización das devanditas achegas; en calquera caso, a suspensión dos dereitos rematará no momento en que a persoa socia normalice a súa situación coa cooperativa.

b) Polas faltas graves, a sanción poderá ser de 6,01 a 150,00 euros, ou suspensión á persoa socia nos seus dereitos, coas limitacións e nos supostos que se sinalan no parágrafo segundo do apartado anterior.

c) Polas faltas leves, a sanción poderá ser amoestación verbal ou por escrito, ou multa de 3,00 a 6,00 euros.

2.- As faltas moi graves prescribirán aos tres meses, as graves aos dous meses, e as leves ao mes, contados a partir da data na que o Consello Reitor tivo coñecemento da súa comisión e en todo caso aos doce meses de terse cometido.

A prescrición interrómtese pola incoación do procedemento sancionador pero só no caso de que no mesmo recaese resolución e fose notificada no prazo de tres meses desde a súa iniciación.

Cando a sanción sexa a expulsión por atoparse a persoa socia ao descuberto das súas obrigas económicas, non operarán os prazos de prescrición establecidos no parágrafo anterior, podendo acordarse a expulsión en calquera momento, agás que a persoa regularice a súa situación durante a tramitación do expediente.

Artigo 21.- Órgano sancionador e Procedemento:

1.- A competencia sancionadora, que é indelegable, correspóndelle ao Consello Reitor da Cooperativa.

2.- A persoa socia só poderá ser sancionada mediante a incoación do oportuno expediente sancionador; respectarase en todo caso a previa audiencia da mesma en todas as instancias resolutorias.

3.- A impugnación do acordo do Consello Reitor ante a Asemblea Xeral formularase no prazo de quince días dende a súa notificación se a falta cometida fose de natureza laboral, e no prazo de trinta días se a falta cometida fose de natureza societaria.

O órgano competente resolverá, por votación secreta no prazo máximo de dous meses, con audiencia previa do interesado, podendo formalizarse esta mediante as súas alegacións por escrito.

O recurso presentado ante a Asemblea Xeral deberá incluírse como primeiro punto da orde do día da primeira Asemblea que se realice.

O acordo do Consello Reitor, que impoña a sanción polas referidas faltas ten carácter executivo, excepto no suposto de expulsión que se adaptará ao establecido no artigo 22 destes Estatutos.

4.- Dende que o acordo sexa executivo poderá instarse a súa revisión ante a xurisdición da orde social ou civil, que tamén resolverá sobre a trascendencia económica derivada do período de tramitación.

5.- Se non recaese resolución expresa nos prazos establecidos, os recursos interpostos entenderanse estimados.

Artigo 22.- Expulsión:

1.- A expulsión só poderá ser acordada polo Consello Reitor, por falta moi grave tipificada nos estatutos, mediante expediente instruído para o efecto e con audiencia previa da persoa interesada, podendo, formalizarse mediante alegacións por escrito.

2.- O acordo de expulsión poderá recorrerse perante a Asemblea Xeral no prazo de trinta días dende a súa notificación. Se a natureza da falta fose laboral poderá ser impugnado só ante a Asemblea Xeral no prazo de quince día dende a súa notificación.

3.- O acordo de expulsión só será executivo dende que sexa ratificado pola Asemblea Xeral ou transcorrese o prazo para recorrer perante ela. Non obstante, cando se trata dunha persoa socia traballadora, a cooperativa poderá suspender á persoa no seu emprego, conservando a mesma todos os seus dereitos económicos.

Artículo 23.- Xornada, descanso semanal, festas, vacacións e permisos das persoas socias traballadoras:

Por proposta do Consello Reitor, a Asemblea Xeral aprobará anualmente o calendario socio-laboral, que conterà como mínimo a duración da xornada de traballo, o descanso mínimo entre cada xornada e o descanso semanal, as festas e as vacacións anuais e as pausas, así como todo aquilo que coide necesario para a boa marcha da empresa. Será aplicable como dereito de contido mínimo necesario a normativa laboral para o persoal traballador por conta allea.

Os estatutos remitirán, para a súa regulación, ao regulamento de réxime interno a organización básica do traballo, que fará referencia como mínimo á estrutura da empresa, clasificación profesional, mobilidade funcional e xeográfica, licencias retribuídas e excedencias.

Asemade será de aplicación aos centros de traballo e os socios e socias as normas sobre saúde laboral e sobre prevención de riscos laborais, todas elas se aplicarán tendo en conta as especialidades propias da relación societaria e autoxestionada das persoas socias que lles vincula coa súa cooperativa.

Artigo 24.- Suspensión, excedencias e baixas obrigatorias por causas económicas, tecnolóxicas e de forza maior da persoa socia de traballo:

1.- Cando se produzan causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou de forza maior que así o fagan necesario, poderase suspender temporalmente a prestación de traballo con perda dos dereitos e das obrigas económicas da dita prestación, conservando os demais.

A Asemblea Xeral deberá declarar a causa, a necesidade e o tempo da suspensión, designando nominalmente as persoas socias de traballo afectados. Ao cesar a causa, a persoa socia recobrará plenamente todos os seus dereitos e obrigas.

2.- Cando as causas descritas no parágrafo anterior, obriguen a reducir con carácter definitivo o número de postos de traballo seguirase o mesmo procedemento indicado no parágrafo anterior.

3.- A baixa recollida no parágrafo anterior merecerá a cualificación de xustificada, con dereito ao reembolso inmediato á persoa

socia da súa achega ao capital social e con dereito preferente ao reingreso no prazo dos tres anos seguintes á baixa.

4.- Nos supostos previstos nos parágrafos anteriores, ou no caso de excedencias, que supoñan deixar a cooperativa durante máis de seis meses cun número de persoas socias inferior ao mínimo para a súa constitución, a suspensión ou excedencia non poderá ser superior ao dito período.

As persoas socias en excedencia pasarán á situación prevista no artigo 28 da Lei de Cooperativas de Galiza.

Artigo 25.- Opción do réxime da Seguridade Social:

A Cooperativa opta a efectos de disfrute dos beneficios da Seguridade Social das súas persoas socias de traballo, polo réxime xeral dos traballadores e das traballadoras por conta allea.

CAPÍTULO III

ÓRGANOS DA SOCIEDADE

Sección Primeira.- A Asemblea Xeral

Artigo 26.- Composición e clases:

1.- A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión das socias e socios para deliberar sobre a política xeral da cooperativa e tomar acordos sobre aqueles asuntos que, en virtude da Lei de Cooperativas de Galiza e destes Estatutos sexan da súa competencia. É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social.

2.- O acordos da Asemblea Xeral, adoptados conforme as Leis e a estes Estatutos, obrigan a todas as persoas socias, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

3.- As Asembleas Xerais poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

Artigo 27.- Competencias:

1.- Correspóndelle en exclusiva á Asemblea Xeral a adopción dos seguintes acordos:

a) Aprobación do plan empresarial da cooperativa, presentado polo órgano de administración, que será o responsable da súa xestión e execución.

b) O nomeamento e a revogación, por votación secreta, das persoas administradoras, das interventoras e das liquidadoras, e o exercicio da acción de responsabilidade contra elas.

c) O nomeamento e a revogación das persoas auditoras de contas.

d) O exame da xestión social, a aprobación das contas anuais e da distribución de excedentes ou a imputación de perdas.

e) O establecemento de novas achegas obrigatorias ou voluntarias, a fixación dos xuros que lles puidesen corresponder e a actualización delas.

f) A emisión de obrigas, títulos participativos ou outro tipo de participacións que puidesen establecerse, ou de calquera outro tipo

admitido en dereito.

g) A aprobación ou modificación do regulamento de réxime interno da cooperativa.

h) O establecemento ou modificación das cotas de ingreso ou periódicas.

i) A constitución de cooperativas de segundo grao e doutras formas de participación económica, así como a adhesión e separación delas.

j) A modificación dos estatutos.

k) A fusión, escisión, transformación, disolución e liquidación da sociedade.

l) A creación de seccións e a aprobación e modificación, se é o caso, dos seus regulamentos de réxime interno.

m) A cesión ou o alleamento da sociedade ou de parte desta, ou calquera outra decisión que supoña unha modificación substancial da estrutura económica, social, organizativa ou funcional dela.

n) Todos os demais acordos nos que así o estableza a lei ou os Estatutos.

2.- Asemade poderá debater a Asemblea sobre cantos asuntos sexan de interese para a cooperativa, sempre que consten na orde do día, pero unicamente poderá tomar acordos obrigatorios en materias que a lei non considere competencia exclusiva doutros órganos sociais.

3.- A competencia da Asemblea Xeral sobre aqueles asuntos e actos nos que o seu acordo é preceptivo por imperativo legal ten carácter indelegable.

Artigo 28.- Convocatoria da Asemblea Xeral:

1.- A Asemblea Xeral Ordinaria deberá ser convocada polo Consello Reitor, dentro dos seis primeiros meses seguintes á data de pechamento do exercicio social. Se transcorrese o devandito prazo sen que teña lugar a convocatoria, as persoas interventoras deberán e calquera socia ou socio poderá requirir fidedignamente ás persoas administradoras para que procedan a efectuala. Se estas non a convocan no prazo de quince días, contados dende a recepción do requirimento, as persoas interventoras ou calquera socia ou socio poderá solicitarla ao xulgado de primeira instancia do domicilio social, quen deberá convocala, designando quen a deba de presidir. Neste caso, producirase a destitución inmediata do consello reitor, e procederase á súa nova elección.

O prazo legal para convocar a Asemblea Xeral Ordinaria poderá ser prorrogado pola autoridade da que depende o rexistro no que está inscrita a cooperativa, por solicitude motivada do órgano de administración ou das persoas interventoras. En todo caso a Asemblea Xeral, aínda convocada fora de prazo, non perderá a súa condición de ordinaria.

2.- A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirse en calquera momento por iniciativa propia das persoas administradoras, por petición das interventoras ou por petición de socias ou socios que representen polo menos o 20% do total dos votos sociais ou 100 persoas socias, efectuada por medio dun requirimento fidedigno ás persoas administradoras que inclúa a orde do día cos asuntos e coas propostas a debate.

Se a Asemblea Xeral non fose convocada no prazo de trinta días, contados desde a recepción da solicitude, calquera persoa socia poderá solicitar a convocatoria xudicial conforme o previsto no apartado anterior.

Artigo 29.- Forma da convocatoria:

1.- A Asemblea Xeral convocarase sempre mediante anuncio exposto publicamente no domicilio social da cooperativa e en cada un dos demais centros nos que desenvolva a súa actividade, así como en carta ao domicilio do socio, sen prexuízo que se poida enviar a convocatoria polo medio que a persoa socia escollese no momento de facerse socia da cooperativa para as comunicacións da sociedade, por Fax, correo electrónico e/ou expoñela na páxina web da cooperativa ou por calquera outro método de comunicación, para facilitar o seu

coñecemento por todas persoas asociadas.

2.- A convocatoria farase pública cunha antelación mínima de quince días á data prevista para a celebración da Asemblea, no suposto de Asemblea Ordinaria e dez días no de Asemblea Extraordinaria, e cun máximo de dous meses con respecto á data da realización da Asemblea Xeral.

3.- A convocatoria indicará, polo menos, a data e o lugar da reunión, en primeira e segunda convocatoria, entre as cales deberá transcorrer como mínimo media hora, e expresará con claridade, precisión e suficiente detalle os asuntos que compoñen a orde do día, así como a documentación relativa a ela, que poderá examinarse no domicilio social da cooperativa.

4.- A orde do día será fixada polo Consello Reitor, o cal deberá incluír os asuntos que, por escrito, fôranlle propostos polas persoas interventoras ou por un número de asociadas que representen o 5% ou acaden a cifra de 100. As propostas deberanse presentar nos prazos e formas establecidos no número 1 do artigo 33 da Lei de Cooperativas de Galiza.

5.- Non obstante o establecido nos números anteriores deste artigo, non será precisa a convocatoria, sempre que estando presentes ou representadas todas as persoas socias da cooperativa estas decidan por unanimidade darlle á reunión o carácter de Asemblea Xeral Universal e os asuntos que se van tratar nela, asinando todas as asociadas a acta na que se acorde a súa realización, figurando a relación das persoas asistentes e a orde do día

Artigo 30.- Funcionamento da Asemblea:

1.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria, cando estean presentes ou representados máis da metade dos votos sociais e, en segunda convocatoria cando estean presentes ou representados alomenos un 10% dos votos sociais ou 100 votos sociais; abonda alcanzar o dito quórum ao comezo da sesión.

2.- Terán dereito a asistir á Asemblea Xeral aquelas socias e socios que o fosen na data de realización daquela.

3.- Presidirá a Asemblea Xeral quen presida o órgano de administración ou o substitúa nesta función, ou a persoa socia que elixa a Asemblea. Correspóndelle á Presidencia dirixir as deliberacións, manter a orde no desenvolvemento da Asemblea e velar polo cumprimento das formalidades legais e estatutarias.

A Presidencia da Asemblea realizará o cómputo das persoas asistentes coa fiscalización das interventoras e declarará, se for o caso, constituída esta.

4.- A secretaría da Asemblea Xeral será quen exerza a dita función no órgano de administración, ou no seu defecto quen acorde a Asemblea Xeral.

Cando na Orde do día figuren asuntos que afecten directamente a quen deba exercer as funcións de presidencia e/ou secretaría da Asemblea Xeral, esta virá obrigada a elixir de entre as persoas socias presentes aquelas que a substitúan na dita función.

Artigo 31.- Dereito de voto. Voto por representantes:

1.- Cada persoa socio ten dereito a un voto. En ningún suposto poderá ser o voto de calidade ou dirimente.

2.- A persoa socia deberá de absterse de votar cando o acordo que se someta á Asemblea teña por obxecto a resolución dos recursos interpostos pola asociada contra sancións que lle fosen impostas polo Consello Reitor, así como nos casos nos que o acordo verse sobre unha situación de conflito de intereses entre a persoa socia e a Cooperativa.

3.- O dereito de voto poderá exercitarse por medio de outra persoa socia. Ningunha persoa socia poderá ter máis de unha representación ademais da súa. A delegación de voto, que só se poderá facer para unha Asemblea concreta, terá que ser mediante un escrito autógrafo ou poder especial subscrito pola persoa representada. Corresponderalle ás persoas interventoras verificar tal representación.

4.- As socias e socios poderán facerse representar na Asemblea Xeral por calquera persoa pertencente á súa unidade de consumo, con plena capacidade de obrar. A autorización axustarase ao previsto no parágrafo anterior.

5.- A representación concedida entenderase revogada se a persoa socia representada asiste á Asemblea Xeral para a que concedeu a representación.

6.- O conxunto total dos votos das persoas socias colaboradoras, excedentes e a proba non poderá superar máis dun terzo dos votos sociais da cooperativa.

7.- As votacións serán secretas nos supostos previstos na Lei, ademais de naqueles casos nos que así o aproben, logo da súa votación por solicitude de calquera persoa socia, o 10% dos votos sociais presentes e representados na Asemblea Xeral.

Neste suposto, o voto manifestarase por escrito nunha papeleta elaborada ao efecto, tendo a consideración de voto nulo aquelas papeletas que presenten tachas ou calquera outro texto engadido ao termo obxecto da votación.

Artigo 32.- Adopción de acordos:

1.- Excepto nos supostos previstos pola Lei de Cooperativas de Galiza ou nestes Estatutos, a Asemblea Xeral adoptará os acordos por máis da metade dos votos validamente expresados, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

2.- Requirirase maioría de dous terzos dos votos presentes e representados para a adopción de acordos sobre modificación de estatutos, fusión, escisión, transformación, disolución e reactivación da sociedade.

Igualmente, esixirase esta maioría para a imposición de novas achegas obrigatorias ao capital social e o establecemento e a modificación das cotas de ingreso e periódicas.

3.- Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral producirán os efectos que lles son propios dende o momento da súa adopción.

Artigo 33.- Acta da Asemblea:

1.- Corresponderalle á secretaría da Asemblea levantar acta da sesión dela. A acta deberá expresar, en todo caso, o lugar e a data da reunión, a manifestación da existencia de quórum suficiente para a súa válida constitución e o número de persoas asistentes, se ten lugar en primeira ou en segunda convocatoria, o sinalamento da orde do día da convocatoria e o resumo das deliberacións e intervencións das que se solicitase a súa constancia na acta, así como a transcripción dos acordos adoptados cos resultados das votacións.

2.- A acta da sesión poderá ser aprobada pola propia Asemblea Xeral a continuación do acto da súa realización ou, no seu defecto, deberá selo dentro do prazo dos quince días seguintes, por tres socias ou socios designadas na mesma Asemblea, ou unha soa nas

cooperativas de menos de dez persoas socias, así como pola Presidencia e a Secretaría da Asemblea Xeral, e deberá asinarse e incorporarse ao correspondente libro de actas.

Os acordos certificaraos a Secretaría co visto e prace da Presidente, e cando sexan inscribibles deberán presentarse para estes efectos no correspondente Rexistro de Cooperativas, dentro dos trinta días seguintes ao da aprobación da acta, baixo a responsabilidade do órgano de administración.

Artigo 34.- Impugnación de acordos da Asemblea Xeral:

1.- Poderán ser impugnados os acordos da Asemblea Xeral que sexan contrarios á lei, se opoñan aos estatutos ou lesionen en beneficio dunha ou de varias persoas socias ou de terceiras os intereses da cooperativa.

Non procederá a impugnación dun acordo social cando fose deixado sen efecto ou substituído validamente por outro.

Os acordos contrarios á lei serán nulos, os demais acordos aos que se refire o parágrafo anterior serán anulables.

2.- As compoñentes do Consello Reitor e as persoas interventoras están obrigadas a exercer as accións de impugnación contra os acordos sociais, cando sexan contrarios á lei ou se opoñan aos estatutos.

3.- No relativo á lexitimación, prazo, procedemento e demais requisitos a seguir no procedemento de impugnación estarase ao establecido no artigo 40 da Lei de Cooperativas de Galiza.

Sección Segunda.- O Consello Reitor

Artigo 35.- Natureza e competencia:

1.- O Consello Reitor é o órgano de goberno, xestión e representación da sociedade cooperativa, con suxeición ao establecido na Lei de Cooperativas de Galiza, nestes Estatutos e na política xeral fixada pola Asemblea Xeral, podendo exercer ademais todas aquelas facultades que non lle estean reservadas pola citada Lei ou polos estatutos a outros órganos sociais.

2.- O Consello Reitor poderá nomear por maioría de dous tercios dos seus membros/as, e de entre os mesmos, un ou varios Conselleiros/as Delegados, persoas físicas, con facultades xerais referidas exclusivamente ó xiro e tráfico empresarial ordinario da Cooperativa.

Artigo 36.- Exercicio da representación:

1.- A representación atribuída ao Consello Reitor estenderase en xuízo e fóra del a todos os asuntos concernentes á cooperativa.

2.- A Presidencia do Consello Reitor, que o será tamén da cooperativa, terá a representación legal dela, sen prexuízo de incorrer en responsabilidade se a súa actuación non se axusta aos acordos da Asemblea Xeral ou do propio Consello.

3.- O Consello poderá conferirlle apoderamentos de facultades representativas a calquera persoa por medio de escritura pública, que deberá ser inscrita no correspondente Rexistro de Cooperativas.

Artigo 37.- Composición:

1.- O Consello Reitor componse de entre 4 e 15 membros titulares.

2.- O cargos do Consello Reitor serán: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería e de 0 a 11 vocais.

Artigo 38.- Elección:

1.- Só poderán ser elixidas como persoas do Consello Reitor as socias e socios da Cooperativa, que non estean incursas nalgunha das prohibicións que establece o artigo 48 da Lei de Cooperativas de Galiza. Non obstante, poderán ocupar cargos de membro do Consello Reitor calquera socia ou socio con independencia dos vínculos familiares que existan entre elas.

2.- Os membros titulares do Consello Reitor serán elixidos pola Asemblea Xeral, en votación secreta, polo maior número de votos.

Todos os cargos do Consello Reitor serán elixidos directamente pola Asemblea Xeral en votación secreta polo maior número de votos.

3.- O nomeamento das persoas conselleiras producirá efecto desde o momento da súa aceptación, que se formalizará nos quince días seguintes á súa designación, e deberá presentarse para a súa inscrición no correspondente Rexistro de Cooperativas dentro dos trinta días seguintes á aceptación.

Artigo 39.- Duración, cese, vacantes e retribucións:

1.- As persoas do Consello Reitor serán elixidas por un período de 2 anos, renovándose simultaneamente na totalidade dos seus membros, que poderán ser reelixidos.

2.- As persoas do Consello Reitor cesarán nos seus cargos cando concorran algunha das seguintes causas:

- a) Transcurso do período de tempo polo que foron nomeadas. Agás que non se produza renovación dos cargos, as persoas do Consello Reitor continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a renovación e as elixidas acepten o cargo, aínda que teñan rematado o período para o que foron elixidas.
- b) Renuncia ao cargo, que deberá adaptarse ao establecido no número 45 da Lei de Cooperativas de Galiza.
- c) Destitución por acordo da Asemblea Xeral adoptado polas maiorías que establece o artigo 45.3 da Lei de Cooperativas de Galiza, segundo o asunto conste ou non na orde do día.

3.- No caso de vacantes do Consello Reitor estarase ao establecido no artigos 45.5 e 45.6 da Lei de Cooperativas de Galiza.

4.- As persoas Conselleiras poderán ser retribuídas, sendo compensadas en todo caso dos gastos que lles orixine a súa función, agás da asistencia ás reunións da Asemblea Xeral.

Artigo 40.- Funcionamento do Consello Reitor:

1.- O Consello Reitor deberá ser convocado pola Presidencia, ou quen faga as veces, a iniciativa propia ou a petición de calquera Conselleira ou Conselleiro. Se a solicitude non fose atendida no prazo de dez días, poderá ser convocado pola persoa Conselleira que fixera a petición, sempre que acade a adhesión, alomenos, dun terzo do Consello. Non será precisa a convocatoria, cando estando presentes todas as persoas Conselleiras, decidan por unanimidade a celebración do Consello.

Poderá convocarse á reunión, sen dereito de voto, á persoa Letrada Asesora e ás técnicas da cooperativa, así como outras persoas das que a súa presenza sexa de interese para o bo funcionamento da cooperativa.

2.- O Consello quedará validamente constituído cando concorran persoalmente á reunión máis da metade das persoas que o compoñen. As persoas Conselleiras non poderán facerse representar.

3.- Os acordos adoptaranse, excepto nos supostos nos que a Lei estableza outra maioría, por máis da metade dos votos validamente expresados. Será suficiente o voto favorable dun terzo das persoas membras que constitúen o Consello, para acordar os asuntos que deban incluírse na orde do día da Asemblea Xeral.

Cada persoa Conselleira terá un voto. O voto da Presidencia dirimirá os empates.

4.- A acta da reunión será redactada pola Secretaría e estará asinada por esta e pola Presidencia. A Acta deberá ser levada ao libro de actas do Consello Reitor, recollerá a lista de asistentes, o lugar, a data e a hora da reunión, o resumo dos debates e o texto dos acordos, o resultado das votacións e calquera outra circunstancia da que pola súa importancia se estime oportuna a súa constancia, así como aquelas intervencións das que calquera persoa conselleira solicite a súa constancia na acta.

5.- No non previsto nestes Estatutos poderá autorregularse o propio órgano, sometendo esta regulación á primeira Asemblea Xeral que se realice.

Artículo 41.- Responsabilidade das persoas membras do Consello Reitor:

1.- As persoas que compoñen o Consello Reitor actuarán coa dilixencia debida e con lealdade á representación e responsabilidade que posúen.

Deberán gardar segredo sobre aqueles asuntos que teñan carácter confidencial, aínda despois de cesaren na súas funcións.

2.- Responderán solidariamente fronte á cooperativa, ás persoas socias e terceiras do dano causado por actos contrarios á lei ou aos estatutos, ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Estarán exentas de responsabilidade as persoas Conselleiras que salvasen expresamente o seu voto nos acordos que causasen dano e as ausentes que fixesen constar a súa oposición mediante documento fidedigno dirixido ao dito órgano nos trinta días seguintes ao da adopción do acordo.

3.- Non exonerará a responsabilidade o feito de que o acto ou acordo lesivo fose adoptado, autorizado ou ratificado pola Asemblea Xeral.

4.- No relativo á acción de responsabilidade contra as persoas membras do Consello Reitor estarase ao establecido no artigo 51 da Lei de Cooperativas de Galiza.

Artigo 42.- Impugnación dos acordos do Consello Reitor:

Os acordos do Consello Reitor que sexan contrarios á lei ou aos estatutos así como os que vulneren os dereitos da socia ou socio ou que lesionen en beneficio dunha ou varias persoas socias ou de terceiras os intereses da cooperativa poderán ser impugnados conforme o establecido no artigo 52 da Lei de Cooperativas de Galiza.

Sección Terceira.- As persoas Interventoras e Auditoría Externa

Artigo 43.- Nomeamento das persoas Interventoras:

1.- Só poderán ser elixidas persoas Interventoras as asociadas que non estean incursas nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas no artigo 48 da Lei de cooperativas de Galiza.

Non obstante, cando exista máis dunha persoa interventora, por unha maioría de dous terzos dos votos presentes e representados na Asemblea Xeral, unha delas poderá ser elixida entre persoas físicas non socias que reúnan os requisitos de cualificación profesional e experiencia técnica ou empresarial adecuados en relación coas funcións daquel órgano.

O cargo de persoa Interventora é incompatible co de membra do Consello Reitor. Tampouco poderán ser interventores ou interventoras as persoas emparentadas coas membras do Consello Reitor ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

2.- O número de persoas interventoras titulares será 1.

3.- As persoas interventoras titulares serán elixidas pola Asemblea Xeral, en votación secreta, polo maior número de votos, por un período de 2 anos, podendo ser reelixidas.

O nomeamento da persoa Interventora surtirá efecto dende a súa aceptación e continuará ostentando o seu cargo ata o momento no que se produza a súa renovación, aínda que concluíra o período para o que foi elixida.

4.- As persoas Interventoras compensaranse dos gastos que lles orixine a súa función.

5.- No non previsto neste artigo seralles aplicable ás persoas interventoras en canto sexa compatible, a regulación establecida para o Consello Reitor na Lei de Cooperativas de Galiza e nestes Estatutos, se ben a responsabilidade destas non terá o carácter de solidaria.

Artigo 44.- Funcións. Informe das contas anuais:

1.- As persoas interventoras teñen as seguintes funcións:

a) A censura das contas anuais antes da súa presentación á Asemblea Xeral mediante informe emitido para o efecto, así como sobre a proposta de distribución de excedentes ou imputación de perdas. No caso de desconformidade poderá emitirse informe por separado.

Se a cooperativa auditase externamente as súas contas, eximirase ás persoas interventoras da obrigatoriedade de emitir o informe de censura das contas anuais daqueles exercicios económicos nos que se efectúe a auditoría.

b) Convocar Asemblea Xeral nos supostos e a través dos procedementos previstos na Lei de Cooperativas de Galiza.

c) Controlar a levanza dos libros da cooperativa.

d) Solicitar do Consello Reitor todas aquelas informacións sobre a marcha da cooperativa que se consideren oportunas no exercicio da súa función.

e) Decidir sobre a idoneidade do escrito ou poder que acredite a representación nas Asembleas Xerais.

f) Impugnar ante a Asemblea Xeral a valoración acordada polo Consello Reitor para os bens e dereitos achegados ao capital social da cooperativa.

g) Calquera outra función que lle encomende a Lei de Cooperativas de Galiza.

2.- As contas anuais, constituídas polo Balance, conta de perdas e Ganancias e a Memoria explicativa, denantes de ser presentadas para a súa aprobación pola Asemblea Xeral, deberán ser censuradas polas persoas interventoras. A aprobación das contas anuais pola Asemblea Xeral sen o informe previo dos interventores e interventoras será impugnabile por calquera persoa socia que poderá instar a súa nulidade de acordo có establecido no artigo 40 da Lei de Cooperativas de Galiza.

3.- Aos efectos previstos no parágrafo anterior, o Consello Reitor entregará as contas anuais ás persoas Interventoras cun mes de antelación á data de realización da Asemblea Xeral.

4.- As persoas interventoras poderán solicitar, para un mellor exercicio das súas funcións e con cargo á cooperativa, o asesoramento de persoas letradas, economistas ou calquera outra ou outro profesional cando a natureza da materia obxecto de estudo así o esixa, e sempre que o autorice o Consello Reitor ou a Asemblea Xeral.

As persoas interventoras deberán gardar segredo sobre os datos confidenciais aos que teñan acceso no exercicio da súa función interventora, salvo aqueles que faciliten a través das canles establecidas legal e estatutariamente.

Artigo 45.- Auditoría externa:

1.- As contas anuais deberán ser auditadas por persoas alleas á Cooperativa, nos seguintes casos:

a) Cando así veña esixido pola lei de Auditoría de Contas e as súas normas de desenvolvemento ou por calquera outra norma lexislativa aplicable

b) Cando o acorde a Asemblea Xeral ou o órgano de administración.

c) Cando o soliciten por escrito, o 15% das persoas socias da Cooperativa. Neste suposto, os gastos da auditoría externa serán por conta de quen o solicite, excepto cando resulten vicios ou irregularidades esenciais na contabilidade comprobada.

2.- Nos supostos anteriores as persoas Auditoras de Contas serán designados pola Asemblea Xeral. Non obstante cando a

designación pola Asemblea Xeral non se fixese oportunamente ou as persoas designadas non puidesen cumprir as súas funcións, o Consello Reitor poderá proceder a dita designación, dando conta desta decisión na primeira Asemblea Xeral que se realice.

3.- En ningún caso poderá ser realizada a verificación das contas por persoas que desenvolvan ou desenvolvesen nos catro anos anteriores postos de administración ou funcións de asesoramento ou de confianza na cooperativa. Tampouco poderá ser realizada por quen forme ou formase parte do persoal dela en idéntico período de tempo ni polas persoas que estean inmersas nalgunha das prohibicións que a Lei de Cooperativas de Galiza establece para os interventores e interventoras.

CAPÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 46.- Responsabilidade:

1.- As persoas socias responderán das débedas sociais só ata o límite das súas achegas subscritas ao capital social, estean ou non desembolsadas na súa totalidade.

2.- A persoa socia que cause baixa na cooperativa responderá persoalmente durante cinco anos desde a perda da súa condición de asociada polas débedas sociais, logo de excusión do haber social, derivadas das obrigas contraídas pola cooperativa con anterioridade á súa baixa e ata o importe reembolsado das súas achegas ao capital social.

Artigo 47.- Capital social mínimo:

1.- O capital Social mínimo fixase en 3.200,00 euros (tres mil douscentos euros)

Artigo 48.- Achegas Obrigatorias:

1.- A achega obrigatoria mínima para ser socia ou socio será de 100 Euros.

2.- A Asemblea Xeral por acordo adoptado pola maioría prevista no artigo 32 destes Estatutos poderá exixir novas achegas obrigatorias, fixando a contía, prazos e condicións de desembolso. A persoa socia que tivera desembolsadas as achegas voluntarias poderá aplicalas a cubrir, en todo ou en parte, estas novas achegas obrigatorias. Asemade, a socia ou socio desconforme coa ampliación obrigatoria de capital social poderá darse de baixa, que se cualificará como xustificada.

3.- A persoa socia que non desembolse as achegas nos prazos previstos incorrerá en mora polo só vencemento do prazo e deberá abonar á cooperativa o interese legal e resarcila dos danos e prexuízos causados pola morosidade.

A persoa socia que incorra en mora poderá ser suspendida dos seus dereitos políticos e económicos ata que normalice a súa situación, e se non realiza o desembolso no prazo de dous meses dende que fose requirido, poderá ser expulsada da sociedade.

En calquera caso, a Cooperativa poderá proceder xudicialmente en contra da persoa socia morosa.

4.- Se pola imputación de perdas da cooperativa aos socios e ás socias a achega ao capital social dalgún deles quedase por debaixo da mínima obrigatoria sinalada estatutariamente, a persoa afectada deberá realizar a achega necesaria ata alcanzar o devandito mínimo, para

o que será inmediatamente requirido polo Consello Reitor, o cal fixará o prazo para efectuar o desembolso, que non poderá ser inferior a dous meses.

Artigo 49.- Achegas das novas persoas socias :

1.- A Asemblea Xeral Ordinaria fixará anualmente a contía das achegas obrigatorias das novas asociadas e as condicións e os prazos para o seu desembolso, harmonizando as necesidades económicas da cooperativa e o principio de facilitar a incorporación de novas socias e socios.

2.- O importe das achegas obrigatorias das novas persoas socias non poderá ser inferior ao das achegas obrigatorias mínimas establecido nestes estatutos para ser socia ou socio, nin superior ao das efectuadas polas persoas socias actuais, incrementadas na contía que resulte de aplicar o índice de prezos ao consumo.

Artigo 50.- Achegas voluntarias:

1.- A Asemblea Xeral poderá acordar a admisión de achegas voluntarias ao capital social que vaian realizar as persoas socias, fixando as condicións delas.

2.- As achegas voluntarias deberán desembolsarse totalmente no momento da subscrición e terán o carácter de capital social, do que pasan a formar parte.

Artigo 51.- Actualización de achegas e Xueros:

1.- As achegas obrigatorias desembolsadas, producirán a porcentaxe de xuro que acorde a Asemblea Xeral. En ningún dos casos o xuro poderá exceder ao xuro legal do diñeiro incrementado en tres puntos.

2.- As achegas voluntarias devengarán o tipo de xuro fixado no acordo de emisión, sen que poidan exceder en ningún caso o xuro de interese legal do diñeiro incrementado en tres puntos.

3.- As achegas obrigatorias e voluntarias ao capital social poderán ser actualizadas por acordo da Asemblea Xeral nos supostos e cos límites previstos no artigo 62 da Lei de Cooperativas de Galiza.

Artigo 52.- Transmisión das achegas das persoas socias:

1.- As achegas das persoas socias só poderán transmitirse:

A) Por actos “ inter vivos”, logo de notificalo ás persoas administradoras, entre as persoas asociadas preferentemente e entre aquelas que reunindo os requisitos para seren socias e socios se comprometan a selo ata fin do exercicio en curso e en todo caso un mínimo de tres meses, nos termos fixados nestes Estatutos.

B) Por sucesión “ mortis causa”, aos habentes causa se fosen persoas socias e así o soliciten ou, se non o fosen, logo de admisión como tales, que deberá solicitarse no prazo de tres meses desde o falecemento, sen resultar obrigado a desembolsar cota de ingreso.

Noutro caso, terán dereito á liquidación do crédito correspondente á achega social.

Se os herdeiros ou herdeiras fosen varios, a cooperativa poderá esixir que o dereito á condición de persoa socia sexa exercida por unha soa, co expreso consentimento das demais, e se non houberse acordo entre as herdeiras e herdeiros procederase a abonarlle a liquidación, conforme se contempla no apartado anterior, a aquelas que acrediten dereito a ela.

Artigo 53.- Reembolso das achegas:

Cambio do sistema de reembolso:

1.- No caso de baixa da persoa socia, esta ou os seus dereitohabentes están facultados para esixir o reembolso das achegas ao capital social que tivese realizado a persoa asociada, de acordo coas normas que se establecen nos números seguintes.

2.- Da contía das aportacións no momento da baixa restaranse as perdas ou imputadas ao socio ou socia, correspondentes ao exercicio económico en que se producira a baixa e/ou a outros exercicios anteriores e que non fosen compensadas ou satisfeitas pola persoa socia.

3.- Do importe que resulte de aplicación do número dous, o Consello Reitor poderá acordar deducións sobre as achegas obrigatorias, computando tanto as desembolsadas como as que a persoa socia tivera pendentes de desembolsar, de acordo coas seguintes normas:

- a) Nos casos de baixa voluntaria non xustificada, unha dedución non superior ao 20%.
- b) Nos casos de baixa obrigatoria por expulsión, unha dedución non superior ao 30%.
- c) No caso de baixa xustificada non se pode aplicar ningunha dedución.

As deducións a que se refire este número non poderán realizarse en ningún caso respecto das achegas voluntarias.

4.- O prazo de reembolso será de 4 meses a partir da data de baixa, con dereito a percibir o xuro legal do diñeiro, incrementado a partir, do segundo ano en dous puntos cada ano, acumulativamente. No caso de falecemento da persoa asociada, o reembolso deberá realizarse no prazo de 4 meses dende o feito causante.

Articulo 54.- Cotas de ingreso e periódicas:

1.- A Asemblea Xeral, por acordo adoptado segundo a maioría prevista no artigo 32 destes Estatutos, poderá establecer a cota de ingreso das novas persoas socias.

2.- As cotas de ingreso non poderán ser superiores ao 50% da achega obrigatoria mínima ao capital social vixente en cada momento para adquirir a condición de persoa socia.

3.- A Asemblea Xeral poderá establecer cotas periódicas que serán iguais para todas as persoas asociadas.

4.- As cotas de ingreso e periódicas non integran o capital social nin serán reintegrables.

Artigo 55.- Financiamentos que non integran o capital social:

1.- A Asemblea Xeral poderá acordar a emisión de obrigas, axustándose o seu réxime ao disposto na lexislación aplicable. Así mesmo, a Asemblea Xeral poderá acordar, cando se trate de emisións en serie, a admisión de financiamento voluntario das socias e socios ou de terceiras persoas baixo calquera modalidade xurídica e co prazo e condicións que se establezan.

2.- A Asemblea Xeral pode acordar igualmente a emisión de títulos participativos, que darán dereito á correspondente remuneración mixta en forma de xuro fixo, máis un xuro variable que se estableza no momento da emisión en función dos resultados da cooperativa.

O acordo de emisión, que concretará o prazo de amortización e as demais condicións aplicables, poderá establecer o dereito de asistencia das persoas subscritoras destes títulos á Asemblea Xeral con voz e sen voto.

Artigo 56.- Determinación do resultado do exercicio. Contas anuais:

1.- Anualmente, e, con referencia ao día 31 do mes de Decembro, quedará pechado o exercicio económico anual.

2.- No prazo máximo de tres meses, contados a partir do pechamento do exercicio económico, o Consello Reitor está obrigado a formular as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de distribución de excedentes e destino dos beneficios extracooperativos ou da imputación de perdas para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

3.- Para a determinación do resultado do exercicio aplicaranse as normas e os criterios establecidos no Código de comercio e na normativa contable que resulte aplicable.

4.- Porén, terán tamén a consideración de gastos deducibles a efectos da determinación do resultado do exercicio os seguintes:

- a) O importe dos bens entregados para a xestión cooperativa, en valoración non superior aos prezos reais de liquidación.
- b) O importe dos anticipos laborais das persoas socias de traballo en contía global non superior ás retribucións normais na zona para o sector de actividade correspondente.
- c) Os xuros debidos polas achegas ao capital e polas prestacións e os financiamentos non integrados no capital social.

Artigo 57.- Imputacións dos resultados favorables do exercicio económico:

1.- Imputaranse nun 50%, ao Fondo de Reserva Obrigatorio, os beneficios do exercicio que teñan a súa orixe nos seguintes feitos:

- a) Plusvalías na enaxenación dos elementos do activo inmovilizado
- b) Beneficios obtidos de fontes alleas aos fins específicos da Cooperativa
- c) Investimentos ou participacións en sociedades de natureza non cooperativa

2.- Imputaranse igualmente nun 25% á dotación de capital social debidamente acreditado a cada persoa socia en función da súa

participación nas actividades cooperativizadas.

3.- Anualmente, dos excedentes netos do exercicio económico destinaranse ao Fondo de Reserva Obrigatorio e ao Fondo de Formación e Promoción unha contía global do 30% destinándose un 10% dos excedentes como mínimo ao Fondo de Formación e Promoción e polo menos un 20% deste excedentes ao Fondo de Reserva Obrigatorio.

4.-O resto estará a disposición da Asemblea Xeral, que poderá distribuílo na forma seguinte: ao retorno cooperativo ás persoas socias, á dotación a fondos de reserva voluntarios con carácter irrepatriable ou repatriable en todo ou en parte, ao incremento dos fondos de reserva obrigatorios, e á compensación de perdas producidas en exercicios anteriores.

Artigo 58.- O retorno cooperativo:

1.- O retorno cooperativo acreditarase ás persoas asociadas en proporción á participación das mesmas na actividade cooperativizada, se fose persoa socia de traballo en función do traballo desenvolto, sen que en ningún caso poida acreditarse en función das achegas ao capital social.

2.- A Asemblea Xeral, coa maioría prevista no artigo 32, fixará a forma de facer efectivo o retorno cooperativo acreditado á persoa socia, de acordo coas seguintes modalidades:

- a) Que se satisfaga ás persoas socias en forma de redución das cotas, sempre e cando se teñan amortizado as perdas dos exercicios anteriores.
- b) Que se incorpore ao capital social, dando lugar ao correspondente incremento das aportacións desembolsadas da persoa socia ao referido capital social.
- c) Que se destine á amortización de perdas producidas nos exercicios anteriores de acordo co previsto no artigo 59 destes Estatutos.

Artigo 59.- Imputación de perdas:

1.- As perdas imputaranse ao Fondo de Reserva Obrigatorio e no seu caso aos Fondos de Reserva Voluntarios.

2.- A contía non compensada cos Fondos Obrigatorios e Voluntarios imputaráselles ás persoas socias en proporción á participación na actividade cooperativizada, e no caso de persoa socia de traballo en función do traballo desenvolto, en ningún caso se pode imputar en proporción ás achegas ao capital social.

3.- Na imputación das perdas ás socias e socios observaranse as seguintes regras:

a)A Asemblea poderá acordar imputar as perdas a unha conta especial para a súa amortización con cargo a futuros resultados positivos dentro do prazo máximo de sete anos.

b)Nos restantes supostos as perdas imputadas a cada persoa socia satisfaranse dalgunha das seguintes formas:

- Directamente
- Mediante deducións nas achegas ao capital social

- Con cargo aos retornos que poidan corresponderlle ás persoas socias dentro dos sete anos seguintes. Se quedasen perdas sen compensar a estas deberá satisfacelas no prazo máximo dun mes.

Artigo 60.- Fondo de Reserva Obrigatorio:

1.- O Fondo de Reserva Obrigatorio destinado á consolidación, ao desenvolvemento e á garantía da cooperativa é irrepatriable entre os socios e as socias.

AO Fondo de Reserva Obrigatorio destinaranse necesariamente:

- a) Os resultados extracooperativos aos que fan referencia o artigo 57.1 e 57.3 destes Estatutos
- b) A porcentaxe dos excedentes netos que estableza a Asemblea Xeral, de acordo co establecido no artigo 57.4 destes Estatutos .
- c) As cotas de ingreso.

Artigo 61.- Fondo de Formación e Promoción:

1.- O Fondo de Formación e Promoción Cooperativa destinarase, en aplicación das liñas básicas fixadas pola Asemblea Xeral, a actividades que cumpran algunha das seguintes finalidades:

- a) A formación dos socios e socias nos principios cooperativos.
- b) A formación na dirección e no control empresarial adecuada aos membros do Consello Reitor e persoal interventor.
- c) A promoción das relacións intercooperativas e das demais entidades creadas para a promoción, asistencia, dirección común ou actividades de apoio entre cooperativas, incluíndo a cobertura de gastos orixinados pola constitución ou incorporación en cooperativas de segundo grao.
- d) A promoción e difusión das características do cooperativismo no contorno social no que se desenvolva a cooperativa e na sociedade en xeral.
- e) Logo de autorización do Consello Galego de Cooperativas, tamén se poderá destinar este fondo á promoción cultural, profesional e social da comunidade en xeral.

2.- Destinaranse necesariamente ao Fondo de Formación e Promoción Cooperativa:

- a) A porcentaxe dos excedentes netos que estableza a Asemblea Xeral de acordo co establecido no artigo 57.4 destes Estatutos.
- b) As sancións económicas que lles impoña a cooperativa aos seus socios e socias.

3.- O Fondo de Formación e Promoción Cooperativa é inembargable e as súas dotacións deberán figurar no pasivo do balance con separación doutras partidas.

4.- Para o cumprimento dos fins do fondo poderase colaborar con outras sociedades ou asociacións cooperativas, con institucións públicas e privadas e co Consello Galego de Cooperativas, órgano que xestionará directamente o dito fondo nos seguintes supostos:

a)Cando a cooperativa lle transfira os importes correspondentes ao dito fondo dentro do exercicio económico no que se efectúe a dotación.

b)Cando a cooperativa non aplicase ao seu destino o importe do dito fondo no prazo de cinco anos desde que efectuou a dotación no seu exercicio correspondente, debendo neste caso transferirillo ao Consello Galego de Cooperativas.

5.- O importe do Fondo de Educación e Promoción que non se aplicase sen que transcorrese o prazo previsto na letra b) precedente deberá materializarse dentro do exercicio económico seguinte a aquel no que se efectuase a dotación, en títulos de débeda pública nos que os rendementos financeiros se aplicarán ao mesmo fin. Os ditos títulos non poderán ser peñorados nin afectados a préstamos ou contas de crédito.

CAPÍTULO V

DOS LIBROS E CONTABILIDADE

Artigo 62.- Documentación social:

1.- A cooperativa levará en orde e ao día os seguintes libros:

- a)Libro-rexistro de persoas socias.
- b)Libro-rexistro de achegas ao capital social.
- c)Libro de actas da Asemblea Xeral, do órgano de administración, e de informes de censura de contas.
- d)Libro de inventarios e balances e Libro Diario, conforme o contido disposto para eles na normativa mercantil.
- e)Calquera outro libro que veña esixido nas disposicións legais.

2.- Os libros e demais documentos da cooperativa estarán baixo a custodia, vixilancia e responsabilidade do Consello Reitor.

3.- Será válida a realización de asentamentos e anotacións por calquera procedemento idóneo, sobre follas que despois serán encadernadas correlativamente para formar os libros obrigatorios, os que serán presentados ao rexistro para a súa legalización antes de que transcorran os catro meses seguintes á data do pechamento do exercicio.

Artigo 63.- Contabilidade:

1.- A cooperativa deberá levar unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade consonte ao establecido no Código de Comercio, no Plan Xeral Contable e as singularidades da natureza do réxime económico da sociedade cooperativa.

2.- As contas anuais da cooperativa comprenderán o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria.

3.- O Consello Reitor presentará para o seu depósito no Rexistro de Cooperativas competente, dentro do prazo de dous meses, contados dende a súa aprobación pola Asemblea Xeral, as contas anuais, o informe de xestión e o informe das persoas interventoras ou, se é o caso, o informe de auditoría externa, así como a certificación acreditativa do número de socias e socios.

CAPÍTULO VI

DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 64.- Causas de disolución. Liquidación:

1.- A cooperativa disolverase por acordo da Asemblea Xeral, adoptado por unha maioría de dous terzos dos votos presentes e representados; así como polas demais causas establecidas no artigo 86 da Lei de Cooperativas de Galiza.

2.- Cumpridas as formalidades legais sobre disolución da Cooperativa, agás nos supostos de fusión ou escisión, abrírase o período de liquidación.

As persoas liquidadoras, en número de 5, serán elixidas pola Asemblea Xeral, de entre as persoas socias, en votación secreta, polo maior número de votos.

3.- A liquidación e extinción da cooperativa axustarase ás normas establecidas na Lei de Cooperativas de Galiza.